
INTERPELACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE O PAGO DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS, SOCIAIS E CULTURAIS CORRESPONDENTES A 2022

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte **interpelación** para o seu debate e inclusión na orde do día do Pleno da Corporación:

ANTECEDENTES:

Como é coñecido, o Concello de Santiago arrastra neste mandato un grave problema no que tén que ver co pago das facturas a provedores, dificultades que tamén se estenderon ao abono das diferentes subvencións que tén aprobadas a administración municipal para colectivos e entidades de diversa índole. Como é sabido tamén, o Goberno local atribúe esta situación, en gran medida, ao peche do exercicio de 2021 en real, é dicir, ao peche efectivo das contas do Concello a 31 de decembro de 2021.

Nos últimos meses, o grupo municipal de Compostela Aberta advertiu reiteradamente das graves consecuencias desta situación para os beneficiarios das axudas, consecuencias que agora se están consumando. Xa en maio, CA pedía explicacións no Pleno sobre as subvencións a entidades deportivas, que naquela altura aínda non foran pagadas, causando importantes prexuízos aos clubs beneficiarios. É coñecido, por exemplo, o caso do Santiago Futsal, que polo feito de non ter cobrada a subvención de 2020, resolta a 9 de novembro de 2021 en Xunta de Goberno, non puido nin sequera abonar os pagos que lle requiría a Federación Española de Fútbol Sala para continuar na competición.

O caso do Santiago Futsal non foi o único, como tampouco o problema se limita ao ámbito das subvencións a entidades deportivas. Foron moitas as axudas a asociacións correspondentes a 2021 que nin sequera foron tramitadas en 2021, de xeito que non se xerou un recoñecemento de obriga para poder pagar no ano seguinte. Máis ao contrario, as subvencións foron tramitadas, concedidas e xustificadas no exercicio de 2022, con cargo aos orzamentos municipais de 2022. O Goberno municipal non tivo en conta estes atrasos á hora de elaborar os presupostos deste ano, nos que se incluíron as contías das subvencións deste ano, pero non as partidas adebedadas do ano 2021. Deste xeito, pagadas as axudas de 2021 co crédito de 2022, o Concello atópase agora con que non tén dotación orzamentaria para abonar a subvención deste ano.

Son unha trintena as entidades de carácter social, deportivo e cultural que non cobraron a subvención

en 2021. Esas axudas oscilan entre os 3.000 e os 120.000 euros, e suman un total de case un millón de euros.

Por todo o anterior, o grupo municipal de Compostela Aberta presenta a seguinte **INTERPELACIÓN** para o seu debate no Pleno:

- **Que solución prevé o Goberno local para garantir que as entidades beneficiarias das subvencións municipais perciban a axuda correspondente a 2022, habida conta da ausencia de dotación orzamentaria para o seu pago, unha vez que se utilizaron as partidas deste ano para pagar as subvencións de 2021 e tendo en conta a previsión de iniciar o próximo exercicio cos orzamentos municipais prorrogados?**

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2022

María Rozas Pérez

GRUPO MUNICIPAL

Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta

A/A DO ALCALDE DE SANTIAGO